

## CAMBIAR O RUMBO

Ante as eleccións ao Parlamento de Galicia, as CCOO esixímoslles ás organizacións que se presentan o 18F compromiso político, valentía e xustiza social así como un posterior proceso de diálogo social permanente para buscar consensos o máis plurais posible. A calidade democrática depende de que se recupere o marco de participación institucional, o diálogo e a concertación social.

Sería imperdoable que na campaña electoral, xa en marcha, o debate político se centrase no que pasa fóra para non entrar no debate dos asuntos que interesan ao pobo galego e que o Sindicato Nacional de CCOO pretende resumir neste documento.

Cómpre aproveitar o período 2024/2028 para elaborar un Plan Estratéxico de Galicia que nos coloque na vangarda dos cambios estruturais en que estamos inmersos. O novo Goberno da Xunta de Galicia debe asumir políticas que corrixan o rumbo e que partan de amplos acordos; para iso, cómpre que implique os axentes políticos, económicos e sociais do noso país.

Nin a política convulsa no Estado, nin as distintas cores políticas nas administracións poden utilizarse como escusa ou atranco para dar as solucións que reivindica a maioría social deste país, as solucións que demanda a clase traballadora galega.

Debemos identificar as cuestións que consideramos prioritarias para que Galicia siga transformándose e avanzando.

## MÁIS AUTOGOBERNO E MÁIS FINANCIAMENTO

As CCOO de Galicia esixímoslle ao Goberno que saia das urnas que governe en clave galega e non en clave estatal. Queremos que haxa un traspaso das competencias que correspondan a unha nacionalidade histórica.

Ao tempo, é o momento de abordar a reforma do Estatuto de Autonomía e adaptalo á nova realidade do país.

## • EMPREGO DE CALIDADE

CCOO transmitiralles aos partidos que concorran ás vindeiras eleccións autonómicas a necesidade de tramitar a lei de emprego de Galicia, como xa existe a do emprego público. Nela hanse establecer, entre outras, as liñas dun plan de emprego para Galicia así como as súas propostas para emprender un novo modelo produtivo que xere emprego de calidade e beneficie as persoas e o conxunto da economía, que aposte con decisión pola defensa dos servizos públicos e pola protección social.

Son máis necesarias ca nunca outras políticas que se centren nas persoas. Facer de Galicia un lugar axeitado para traballar e vivir con dignidade require outro xeito de facer as cousas.

O compromiso coa calidade do emprego non pode ser un simple slogan para o Goberno da Xunta, debe traducirse en medidas concretas. É imprescindible incluír cláusulas sociais na contratación pública que garantan un desenvolvemento efectivo da Lei de contratos do sector público, que vincule a actividade económica xerada con recursos públicos á estabilidade no emprego e condicións laborais dignas.

Cómpre a reforma integral do Servizo Público de Emprego de Galicia e das políticas activas de emprego; un novo modelo de formación arredor dos CIFP; a adaptación ao novo modelo produtivo e das novas realidades laborais; a recualificación.

## • CAMBIO CLIMÁTICO

En CCOO entendemos que é preciso identificar as oportunidades que ten Galicia se se cumpren os Acordos de París, especialmente os referidos á transición no eido enerxético. Galicia ten posibilidades reais de posicionarse como un exportador de referencia dos bens de equipamento e servizos especializados que require esa transición. Comprometerse co cambio climático é vital. Pero facelo desde a actitude contemplativa á que nos afixeron o distintos Gobernos da Xunta, tradúcese en que no noso país só se está poñendo o foco detrás dos riscos inherentes ao proceso de transición ecolóxica.

## • SECTORES ESTRATÉXICOS

Estanse a producir unha serie de transformacións globais que, de non afrontalas urxentemente, deixarán a Galicia totalmente fóra de xogo.

Con todo, estes desafíos representan unha oportunidade para o novo Goberno que salga do 18F, sempre e cando a resposta se dea en clave de país e cunha posición de liderado. Hai sectores, como o industrial ou o da pesca, nos que posuímos coñecemento e saber facer, polo que cómpre aproveitar a oportunidade, non só para as galegas e os galegos que aínda viven na súa terra, senón tamén para os case 130.000 mozos e mozas que a abandonaron no último lustro.

O sector turístico é un piar cada vez máis importante na economía do noso país. É imprescindible revisar o modelo establecido así como a súa desestacionalización.

# SINDICATO NACIONAL DAS COMISSIONS OBREIRAS DE GALICIA ELECCIONS AO PARLAMENTO DE GALICIA

CCOO  
galicia


## • MÁIS E MELLORES SERVIZOS PÚBLICOS

### SANIDADE

A situación actual da sanidade pública galega é o resultado dunha aposta inequívoca por un modelo sanitario que prioriza a rendibilidade económica en detrimento da rendibilidade social.

Estes son os cambios máis importantes que precisa a sanidade galega:

- Potenciar os recursos públicos existentes e revertir todos os servizos xestionados actualmente por empresas privadas.
- Dotar a atención primaria de recursos económicos e humanos para situala como eixe do sistema, fomentando especialmente os seus aspectos comunitarios e atendendo ás características e necesidades da poboación.
- Plan de saúde mental para promover unha atención integral a través de equipos multidisciplinares que garantan a continuidade dos coidados, a atención e apoio no ámbito domiciliario, así como o traballo psicosocial de prevención mediante unha rede sociosanitaria planificada e suficiente de recursos alternativos á hospitalización



### ENSINO

Un ensino público universal e grauíto é o mellor xeito de garantir a igualdade.

É imprescindible acometer decontado:

- a recuperación da gratuidade dos libros de texto;
- o consenso no modelo lingüístico;
- a participación democrática dos diferentes sectores da comunidade educativa na xestión dos centros;
- a paralización e reversión do proceso de desmantelamento educativo do medio rural e o deseño da rede escolar no rural, atendendo a criterios de desenvolvemento integral e sostibilidade.

### INDUSTRIA

O noso sistema produtivo mirra e escora cara a sectores produtivos vinculados á precariedade; perde peso o sector industrial, máis ligado ao emprego de calidade e con maior efecto arrastre sobre o resto de sectores.

CCOO demanda un plan industrial para Galicia e un modelo enerxético inclusivo que xere capacidades industriais propias. Unha economía descarbonizada cun desenvolvemento das enerxías renovables con balance positivo de emprego.

### • MOBILIDADE E SERVIZO FERROVIARIO

CCOO demanda dos partidos que se se presentan ás eleccións do 18F, a elaboración dun plan de proximidade ferroviario e unha aposta decidida polo ferrocarril como sistema de transporte intracomunitario. Respectuoso co medio ambiente, seguro, como elemento de cohesión social e territorial e decisivo no desenvolvemento económico das distintas bisbarras.

A Xunta de Galicia debe esixir ao Goberno do Estado o compromiso real co Corredor Atlántico, o remate da alta velocidade e a conexión con Portugal.

### POLÍTICA SOCIAL

- Impulsar as políticas sociais e de loita contra a pobreza implantando un chan de gasto social
- Recuperación da tarxeta moedeiro.
- Modificación da Risga.
- Dependencia: aumento do número de prazas públicas e cambio de modelo no sistema que priorice a atención ás persoas.
- Asegurar a igualdade de trato e oportunidades aprobando novas iniciativas legislativas.
- Garantir os dereitos das persoas LGTBI.

### LINGUA E CULTURA

A lingua e a cultura son os valores máis representativos da identidade dun pobo. Os traballadores/as de Galicia somos depositarios deste patrimonio e asumimos a responsabilidade de coidalo, protexelo e difundilo, como manifestación de cidadanía responsable.

Os dereitos lingüísticos non deben utilizarse no debate político como mero motivo de confrontación. CCOO aposta por que, a curto andar, se recuperen os consensos políticos desexables, se deixen de propiciar enfrontamentos ficticios entre linguas e se concerten as medidas educativas, culturais e administrativas que garantan o pleno exercicio dos dereitos lingüísticos do pobo galego.